

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG1211QD	CON/26/2018	28-09-18 11:56

Número 129 .- Proposta do concelleiro delegado substituto de Políticas Sociais relativa á aprobación do expediente do "Servizo para implementación do programa municipal de apoio para inclusión social"; gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de setembro de 2018 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 129 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO SUBSTITUTO DE POLÍTICAS SOCIAIS RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DO "SERVIZO PARA IMPLEMENTACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL DE APOIO PARA INCLUSIÓN SOCIAL"; GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 21 de agosto de 2018, do concelleiro delegado substituto de Políticas Sociais. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, número 2018/580 de data 24.9.18.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Xan Duro Fernández**, concelleiro substituto por decreto da alcaldía do 27 de xullo de 2018, da concelleira delegada de políticas sociais, diversidade, saúde e centros cívicos, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

**EXPÓN:**

1. Con data 7 de maio de 2018, a xefa do servizo da área social emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1211QD	<i>Expediente</i> CON/26/2018	<i>Fecha</i> 28-09-18 11:56

necesidade e idoneidade da contratación do servizo para a implementación do programa municipal de apoio para a inclusión social.

2. Con data 29 de maio seguinte, esta concellería delegada formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria.

3. Coa mesma data, a concelleira delegada de economía, facenda e administración, resolveu iniciar o expediente proposto, ó que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente, o día 20 de agosto, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da Lei 9/2017 polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítarase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Servizo para a implementación do programa municipal de apoio para a inclusión social**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de **121.853 euros** exento de IVE.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG12I1QD	<i>Expediente</i> CON/26/2018	<i>Fecha</i> 28-09-18 11:56

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 22706, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 19.980,04 euros.  
Anualidade 2019: 60.781,92 euros.  
Anualidade 2020: 41.091,04 euros."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Aprobar o expediente denominado **Servizo para a implementación do programa municipal de apoio para a inclusión social**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante **procedemento aberto**, establecéndose un tipo de licitación de **121.853 euros**, exento de IVE.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigacións económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 22706, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2018: 19.980,04 euros.  
Anualidade 2019: 60.781,92 euros.  
Anualidade 2020: 41.091,04 euros.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

**Asdo: Xan Xesús Duro Fernández**

